



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
Cl/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgfm.es
E-Mail: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

NORMATIVA DOS CAMPIONATOS GALEGOS:

- *PRE-BENXAMÍN*
 - *BENXAMÍN*
 - *ALEVÍN*
 - *INFANTIL*
 - *XUVENIL*
 - *SUB 23*
 - *SÉNIOR*
 - *VETERANOS*
 - *PERSOAS CON DISCAPACIDE FÍSICA E INTELECTUAL*
 - *ABSOLUTOS*
-

NORMAS XERAIS

- 1.-** *Para que un club ou entidade poida organizar un Campionato Galego, as solicitudes deberán ter entrada na secretaría da Federación cunha antelación mínima de 3 meses.*
- 2.-** *Os clubs que soliciten a organización de Campionatos Galegos, deben aportar todos os trofeos en disputa.*
- 3.-** *O prazo de inscrición nos Campionatos Galegos deben de rematar, de ser posible, 15 días antes da celebración, no caso da disputa dun máximo de 2 campionatos simultáneos, e 20 días no caso de que se convocaran simultaneamente 3 ou máis campionatos.*
- 4.-** *Para poder inscribirse nos campionatos galegos é preciso ter licenza galega ou española en vigor, no intre do peche da inscrición.*
- 5.-** *Para a disputa dunha proba a inscrición mínima deberá ser de 4 equipos, 8 individuais e 8 dobres.*
- 6.-** *Se nunha proba non se acada a cota mínima, farase unha única proba xuntando masculinos e femininos, ou xuntando probas por categorías de idade.*



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
Cl/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgtm.es
E-Mai: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- 7.- *En todos os campionatos o 1º día disputaranse as probas de individuais e dobres, e o 2º día as de equipos, agás cando se disputen dous campionatos ao mesmo tempo.*
- 8.- *Cando teñan lugar dous campionatos na mesma fin de semana, deben disputarse as probas de individual e dobres do de maior participación ou o de maior categoría e a proba de equipos do outro, o 1º día, e á inversa o 2º día, coa finalidade de que o Xuíz Árbitro aproveite mellor os recursos materiais e humanos.*
- 9.- *Ningún xogador@ poderá participar en dúas probas de diferentes campionatos o mesmo día.*
- 10.- *Os cabezas de serie de tódalas categorías e probas, designaranse tendo en conta o ránking oficial galego, agás a proba de equipos absolutos masculinos e femininos, que se determinará pola categoría e a clasificación oficial nas ligas, no intre de facer o sorteo.*
- 11.- *Na proba de equipos, os cabezas de serie determinaranse sumando os puntos que teñen os xogadores/as no ránking oficial galego tendo en conta o sistema de xogo segundo se especifica a continuación:*
 - 11.1. *Sistema Corbillón, a suma dos/das dous mellores xogadores/as inscritos en cada equipo.*
 - 11.2. *Sistema Copa do Mundo, a suma dos/das tres mellores xogadores/as inscritos en cada equipo.*
- 12.- *Nas probas de dobres, os cabezas de serie determinaranse sumando os puntos, que teñen no ránking oficial galego, os xogadores/as que compoñen cada parella.*
- 13.- *Aplicarase o ránking do circuíto galego en sentido estrito.*
- 14.- *Na modalidade de equipos non se permitirá a participación con xogador@s de diferentes clubs, en ningunha categoría.*
- 15.- *Sempre que a inscrición, o número de mesas ou o tempo dispoñible o permita, as probas de equipos e individuais poderán facerse:*
 - 15.1. *En grupos na primeira e segunda fase e eliminatorias na fase final.*
 - 15.2. *No caso contrario, disputarase por eliminatorias, a poder ser buscando o máximo de postos.*



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
Cl/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgfm.es
E-Mail: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- 16.-** Os grupos serán preferentemente de 4/5 en individual e de 3/4 en equipos. De xeito excepcional, para unha mellor organización da competición, se poderán facer grupos de 3/6/7 en individual ou, de 5/6 en equipos.
- 17.-** As probas de dobres disputaranse por eliminatoria directa.
- 18.-** Todos os dobres disputaranse ao mellor de 3 xogos ata chegar a semifinais, en que se volverá xogar a 5 xogos, a non ser que a inscrición e as mesas dispoñibles o permitan dende o inicio.
- 19.-** Nas probas de dobres, poderase substituír un xogador ou parella, cando un xogador da parella correctamente inscrita cause baixa, sempre que se cumpran as seguintes condicións:
 - 19.1. Comunicar a baixa e a alta con, polo menos, dúas horas antes do comezo da proba.
 - 19.2. O xogador substituto debe ser un xogador inscrito na proba individual ou de equipos do campionato.
 - 19.3. A parella quedará encadrada na mesma posición que tiña orixinalmente no sorteo.
 - 19.4. Se se producise unha baixa de dous xogadores de parellas distintas e os xogadores xuntáranse nunha única parella, a posición no cadro desta nova parella, será a que ocupará inicialmente a parella de maior ranking, ou ben se sortearía entre as dúas posicións se fosen do mesmo ranking.
- 20.-** Non se disputarán os terceiros e cuartos postos de tódalas probas.
- 21.-** Haberá trofeos ou medallas para os 4 primeiros (campión/a, subcampión/a, e semifinalistas), en todas as categorías. Na modalidade de equipos, ademais do trofeo para os equipos, haberá medallas tamén para os xogadores/as.
- 22.-** Agás nas categorías de benxamíns, alevíns e veteranos non se permite a participación de xogadoras en equipos masculinos. Na categoría alevín, se terán en conta as normas específicas.
- 23.-** As probas a convocar en todos os campionatos, a excepción do pre-benxamín, benxamín, sénior, veteranos e discapacitados, serán as seguintes:



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
Cl/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgtm.es
E-Mail: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- 23.1. *Equipos masculinos e femininos*
 - 23.2. *Individual masculino e feminino*
 - 23.3. *Dobres masculinos e femininos*
 - 23.4. *Dobres mixtos.*
- 24.-** *Unha vez publicados os listados e os sorteos definitivos, non se farán cambios, aínda que se comuniquen baixas que afecten a cabezas de serie.*
- 25.-** *As baixas que se produzan en calquera proba serán cubertas polos reservas, ocupando o posto que se produciu nesa vacante.*
- 26.-** *Calquera baixa por enfermidade, lesión, convocatoria de selección, etc., que se produza fóra do prazo marcado, terá que ser xustificada documentalmente ante o Xuíz Único.*
- 27.-** *A Federación Galega resérvase dúas prazas para casos excepcionais e xustificados, que entrarían dentro das cotas establecidas.*

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO

- 1.-** *Disputarase unha fase de grupos na que participarán os equipos de Superdivisión, División de Honra, Primeira División e Segunda División, ata que sumen un total de 12 equipos masculinos e 8 femininos, de acordo coa clasificación na liga respectiva, no intre da convocatoria do campionato.*
- 2.-** *O sistema de competición é o de Copa do Mundo en masculino e feminino. Os equipos estarán formados por un mínimo de 3 xogadores/as, que deberán figurar no formulario de inscrición.*
- 3.-** *Os cabezas de serie na proba de equipos masculinos e femininos, se determinará pola categoría e a clasificación oficial nas ligas, no intre de facer o sorteo.*
- 4.-** *As cotas máximas de participación son:*
 - 4.1. *12 equipos masculinos.*
 - 4.2. *8 femininos.*
 - 4.3. *40 xogadores.24 xogadoras.*
 - 4.4. *16 dobres masculinos, femininos e mixtos.*



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
Cl/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgfm.es
E-Mail: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- 1.- *Ao igual que sucede nas ligas, un xogador, poderá ser inscrito nun equipo do seu club de superior categoría, tendo en conta o status acadado en liga, non intre da disputa.*
- 2.- *Non se permitirá en ningún caso a inscrición de xogadores estranxeiros en equipo de categoría superior á que xogan en ligas nin tampouco a ningún xogador/a en equipo diferente ao seu, que sexan da mesma categoría.*

CAMPIONATO GALEGO DE VETERANOS

- 1.- *As probas a disputar son:*
 - 1.1. *Equipos +40, +50 e femininos*
 - 1.2. *Dobres +40, +50, +60, femininos e mixtos*
 - 1.3. *Individual +40, +50, +60, +65 e feminina*
- 2.- *As cotas máximas de participación son:*
 - 2.1. *12 equipos masculinos.*
 - 2.2. *8 femininos.*
 - 2.3. *40 xogadores.*
 - 2.4. *24 xogadoras.*
 - 2.5. *16 dobres masculinos, femininos e mixtos.*
- 3.- *De non disputarse a proba de equipos femininos, os inscritos disputarán a proba de equipos de +50, agás petición expresa dos mesmos de participar na categoría +40.*
- 4.- *De darse o caso de que tampouco houbera proba de +50, pasarían todos a +40.*
- 5.- *De darse algún dos casos anteriores, para que un equipo de +50 ou feminino poida participar na proba de +40, deben inscribir un terceiro xogador/a. De non ser así, non poderían participar.*
- 6.- *O sistema de competición é copa do mundo en +40, e corbillón en +50 e feminino.*



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
Cl/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgtm.es
E-Mail: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- 7.- *Os equipos estarán formados por un mínimo de 3 xogadores en +40, e por un mínimo de 2 xogadores en +50 e feminino.*
- 8.- *De non poder cubrirse a cota mínima nalgunha das probas, as inscritas xogarán na proba de +60, os inscritos en +65 en +60 e, estes, na proba de +50, e no caso hipotético que tampouco así houbera proba, faríase unha única proba con todos os inscritos, baixo a denominación de +40.*
- 9.- *De haber menos de 8 parellas femininas inscritas, pasarían á proba de dobres de +60, e de non haber esta, todos na da +50. O mesmo acontecerá coas parellas de +60, e así sucesivamente.*
- 10.- *A proba de dobres mixtos disputarase sempre e cando se dispute a proba individual feminina.*
- 11.- *Á marxe das condicións anteriores, os xogadores tanto en individual, dobres, como en equipos, poden inscribirse nas probas de categoría superior.*

CAMPIONATOS GALEGOS SÉNIOR, SUB 23, XUVENIL E INFANTIL

- 1.- *As cotas máximas de participación son:*
 - 11.1. *12 equipos masculinos.*
 - 11.2. *8 femininos.*
 - 11.3. *40 xogadores.*
 - 11.4. *24 xogadoras.*
 - 11.5. *16 dobres masculinos, femininos e mixtos.*
- 2.- *O sistema de competición é Copa do Mundo para equipos masculinos e Corbillón para femininos.*
- 3.- *Os equipos masculinos estarán formados por un mínimo de 3 xogadores e os femininos por un mínimo de 2.*
- 4.- *A categoría sénior, só se disputará en competición individual masculina e feminina.*

CAMPIONATOS GALEGOS ALEVIN, BENXAMIN E PRE-BENXAMIN

- 1.- *As cotas máximas de participación son:*



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
Cl/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgfm.es
E-Mai: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- 1.1. 12 equipos masculinos.
 - 1.2. 8 femininos.
 - 1.3. 40 xogadores.
 - 1.4. 24 xogadoras.
 - 1.5. 16 dobres masculinos, femininos e mixtos.
- 2.- *O sistema de competición de equipos será o Corbillón, cun mínimo de 2 xogadores/as.*
 - 3.- *Na categoría alevín, poden participar equipos mixtos (xogador e xogadora) no caso de que haxa só unha licenza masculina e/ou unha feminina no mesmo club, que se encadrarán na modalidade de equipos masculinos.*
 - 4.- *Na categoría benxamín a competición de equipos e mixta, admitíndose equipos masculinos, femininos ou mixtos.*
 - 5.- *A categoría pre-benxamín, só se disputará en competición individual mixta.*

CAMPIONATOS PARA XOGADORES CON DISCAPACIDADE FÍSICA E INTELLECTUAL

- 1.- *O campionato galego de discapacidade física disputarase, de haber a cota mínima, nas modalidades de pé e cadeira, tanto en equipos como en individual.*
- 2.- *De non haber cota, a fase de equipos será única entre equipos de pé, cadeira ou mixtos (xogadores de pé e cadeira no mesmo equipo).*
- 3.- *O sistema de competición será o corbillón, mínimo 2 xogadores por equipo.*
- 4.- *A competición individual será na primeira fase en grupos e por eliminatoria na fase final.*
- 5.- *O campionato de discapacidade intelectual, disputarase na modalidade de individual masculina e feminina.*
- 6.- *Computarán os 3 mellores xogadores e as 3 mellores xogadoras de cada entidade, para o premio colectivo por equipos.*



Secretaria FGTM
Antonio Lasén Casas
Cl/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgtm.es
E-Mai: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- 7.-** A participación é aberta para tódalas persoas con calquera tipo de discapacidade, que deberán acreditar co seu correspondente certificado oficial. Tamén deberán posuír a súa correspondente licenza federativa ou licenza FEDDF, no caso dos discapacitados físicos, ou licenza FEDDI, no caso dos discapacitados intelectuais.
- 8.-** No caso de non posuír ningunha delas, poderase solicitar xunto coa inscrición neste campionato.

A Illa de Arousa, 5 de xullo de 2015